



Concello de Meaño

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Convocatoria da Unidade Técnica para o estudo da documentación presentada , valoración das ofertas e proposta de adxudicación para a contratación do servizo “Ludoconcilia Meaño no verán: somos iguais-corresponsabilidade 2024”.

Expediente: 270/2024.

Publicada, o día 14 de maio de 2024, no perfil do contratante do Concello de Meaño, integrado na plataforma de Contratos Públicos de Galicia (ID 822583), e na páxina Web do Concello de Meaño a convocatoria de licitación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, varios criterios de adxudicación, da contratación do servizo “Ludoconcilia Meaño no verán: somos iguais-corresponsabilidade 2024”, cun prazo de presentación de ofertas de 10 días hábiles contados a partires do seguinte ao da inserción do anuncio de licitación no perfil do contratante en virtude do Prego de Cláusulas administrativas particulares que rexe nesta adxudicación.

Rematado o prazo de presentación de ofertas o día 30 de maio de 2024 ás 10:00 horas. Constituída a unidade técnica para a apertura e valoración das propostas presentadas o día 3 de xuño de 2024.

Remitido informe e certificación do mesmo polo Centro de Atención ao Usuario con data 11 de xuño de 2024.

Na sesión celebrada o 14 de xuño a unidade técnica acorda requirir a empresa OCITEM ANIMACION S.L. para que aporte a documentación recollida na base 9.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no procedemento de licitación.

Con data 14 de xuño a empresa OCITEM ANIMACION S.L. presenta a documentación requirida, rexistro de entrada nº 2024-E-RE-1024.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, **RESOLVE:**

- 1.-Convocar aos membros da Unidade técnica para o estudo da documentación presentada, valoración de ofertas e proposta de adxudicación, para o día 17 de xuño de 2024 ás 11:00 horas, na Casa Consistorial de Meaño.
- 2.- Publicar a presente convocatoria na plataforma de Contratos Públicos de Galicia e na páxina Web do Concello de Meaño.

Mándao e asínao o alcalde, na data indicada na marxe, do que como secretario da corporación dou fe, aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 letra “e” do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo





Concello de Meaño

(Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe)

